



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/7
SESIÓN PLENARIA XOVES 8 DE OUTUBRO DE 2020

ACTA Nº 2020/7

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN XOVES 8 DE OUTUBRO DE 2020 -



ACTA Nº 2020/7

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ.

ASISTEN:

BNG
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO.
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL.
JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA.
JESÚS GÓMEZ GARCÍA.
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS.

AUSENCIAS:

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 8 DE OUTUBRO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ó estudo da orde do día, adaptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos e incluíndo na orde do día, tras votación unánime favorable, dunha moción do grupo popular referente á reclamación do I.V.E. á A.E.A.T.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo

que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
- 2.- Dación de contas dos decretos de Alcaldía.
- 3.- Dación de contas das actas da Xunta de Goberno.
- 4.- Proposta de festivos locais para 2021.
- 5.- Proposta de modificación puntual do Inventario de Bens Municipal.
- 6.- Proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito.
- 7.- Rogos e preguntas.

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Apróbase a acta do pleno 2020/4 (por unanimidade).



Asímesmo, aprobábase a acta do pleno 2020/5 tras a intervención do concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, na que manifesta a súa vontade de que quede constancia de que o seu abandono da sesión plenaria á que fai referencia a acta 2020/5 debeuse ás constantes interrupcións na súa quenda de palabra e a acusacións sen fundamento. A este respecto, a concelleira do PP, dona María del Carmen Torreira Cotos, expresa que as súas contestacións foron realizadas a raíz das interpelacións do concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane. O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández solicítalle una aclaración sobre esas "acusacións sen fundamento" ás que se referiu o concelleiro do BNG, quen contesta que esas acusacións foron referidas á persoa que vive con el. Antes esta resposta, o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández quere facer constar que non está para nada dacordo co manifestado polo concelleiro da oposición.

Apróbase a acta do pleno 2020/6 (por unanimidade), solicitando que se lle envíen os documentos referentes ás modificacións orzamentarias realizadas nesa sesión plenaria.

2.- Dación de contas dos decretos de Alcaldía.

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, dos decretos de Alcaldía dictados dende o 12 de agosto ata o 3 de outubro de 2020.

3.- Dación de contas das actas da Xunta de Goberno.

Constátase a inexistencia de actas aprobadas na Xunta de Goberno Local dende a última sesión plenaria ordinaria.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire solicita que se lle envíen conforme sexan aprobadas.

4.- Proposta de festivos locais para 2021.

Vista a necesidade de determinar e sinalar as datas correspondentes ás festividades locais para o exercicio 2021 tras comunicación realizada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia con número de rexistro de entrada 202090000000281, de data 25 de setembro de 2020.

Vista a necesidade de comunicar esas datas ó referido organismo con prazo límite de 30 de outubro de 2019.

Visto que é costume neste Concello declarar como festivos locais os días 16 de febreiro (Martes de Entroido) e que, ademais, este ano acórdase realizar a proposta de lúns 26 de xullo.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda por unanimidade:

Primeiro: Declarar como festivos locais do concello de Vilasantar para o ano 2010 as datas 16 de febreiro (Martes de Entroido) e 26 de xullo.



Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

5.- Proposta de modificación puntual do Inventario de Bens Municipal.

Vista a proposta de acordó de modificación puntual do Inventario de Bens Municipal, obrante no expediente 2020/X999/000115.

Visto que con posterioridade á redacción e elevación ó Pleno desa proposta de acordó se achegan datos ó equipo de gobernó que suxiren una suspensión da tramitación do expediente de modificación puntual do Inventario de Bens Municipal ó non estar absolutamente definidas determinadas titularidades da propiedade de bens afectados por este expediente.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda por unanimidade:

Primeiro: Suspende a tramitación deste expediente no tocante á proposta de acordó elevada ó Pleno e seguir instruíndoo co fin de determinar a titularidade da propiedade de bens afectados por este expediente.

Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

6.- Proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Expte. TEDEC 2020/X999/000114.

Visto o informe de Intervención evacuado en aplicación do artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 4.1 letra b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de data 6 de outubro de 2020, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda a adopción do seguinte Acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento dos créditos que a continuación se recollen con referencia ós seus expedientes, correspondentes a exercicios anteriores:

1. Expte. F/2020/2937 – Control de plagas Andrade S.L. - 113,74€.
2. Expte. F/2020/2974 – Concello de Curtis – 3.905,54€.
3. Expte. F/2020/2975 – Concello de Curtis – 3.905,54€.
4. Expte. F/2020/2976 – Concello de Curtis – 3.905,54€.
5. Expte. F/2020/2979 – Control de plagas Andrade S.L. – 94,02€.



6. Igualmente, no referido ás liquidacións do servizo de recollida de lixo xiradas polo concello de Curtis, consta pendente de pago por parte do concello de Vilasantar a mensualidade correspondente a outubro de 2017 por importe de 3.890,49€, segundo consta no rexistro de entrada 20209000000274, de 21 de setembro de 2020, unha vez que se ten determinado que as mensualidades de febreiro, marzo e abril de 2017 xa se atopan pagadas por parte do concello de Vilasantar..

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 os correspondentes créditos con cargo á aplicación orzamentaria 320.21000, da cal se realizou a correspondente retención, para os expedientes F/2020/2937 e F/2020/2979.

Terceiro.- Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 os correspondentes créditos con cargo á aplicación orzamentaria 1621.22700, da cal se realizou a correspondente retención, para os expedientes F/2020/2974, F/2020/2975, F/2020/2976 e para a liquidación correspondente ó mes de outubro de 2017 (R.E. 20209000000274, de 21 de setembro de 2020).

7.- Moción para instar ó Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia, presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

O Grupo Municipal Popular no concello de Vilasantar con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que “tocaba en el año 2019” e que “ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir”, culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución



común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaráanse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vilasantar, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

O pleno do Concello de Vilasantar acorda:

1. “Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.
2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.
3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia

Apróbase a moción por unanimidade dos presentes.

8.- Rogos e preguntas.

Neste punto da orde do día, continúaase coa serie de preguntas presentadas polo BNG na pasada sesión plenaria e que quedaron pendentes de formular e contestar tras o abandono dos mesmos como quedou constatado na acta 2020/5.

8.1.- Que medidas se van tomar de cara ó inicio do curso escolar, adecuación de espazos, desinfección, limpeza...? Que gastos vai asumir a Xunta?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que a limpeza ordinaria así como as extraordinarias se realiza por parte dos servizos municipais e ante a pregunta do concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire sobre se a Xunta de Galicia apoia economicamente o financiamento destes gastos, o señor Alcalde indica que non.



8.2.- Na Xunta de Goberno Local 2020/2 aparece un requerimento de Augas de Galicia en relación a tres puntos conflictivos. Que medidas se tomaron para amañar esta situación?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que en relación ós tres puntos indicados se realizaron as actuacións oportunas dando lugar á resolución da incidencia que causou o requerimento.

8.3.- Nunha Xunta de Goberno Local infórmase que se vai a modificar a ordenanza da carpa municipal. Que aspectos da ordenanza se pensan modificar?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que está en estudo a imposición dunha taxa que grave o uso e disfrute da carpa así como mellorar a regulación das formas e tempo de uso.

8.4.- En distintas actas da Xunta de Goberno Local infórmase dunha subvención para a ruta de sendeirismo. En que consisten as melloras que se van a realizar?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que ditas actuacións son melloras en zonas inundables na ruta dos muiños das Gándaras así como a mellora do entorno do Batán.

8.5.- Na acta da Xunta de Goberno Local 8.2 dase contad un informe de sanidade de non conformidade da auga da zona de Présaras. Que problemas temos na traída e que medidas se adoptaron?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que a captación desa zona ven do río e en momentos de tormentas a calidade da auga empeora. Estas incidencias solucionaríanse coa construción dun tanque de tormentas.

8.6.- Na Xunta de Goberno Local aparece una subvención do IDEA por importe de 200.419,56€. Cal é a cantidade que ten que aportar o Concello?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que a cantidade é a que figura nos orzamentos.

8.7.- En distintas Xuntas de Goberno Local aparecen citados varios escritos da representación sindical dos traballadores. Cales son as súas queixas e que medidas se pensan adoptar?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que os referidos escritos fan referencia, fundamentalmente á necesidade de aprobación dun convenio colectivo e dunha relación de postos de traballo. Ademáis indícase que se acudirá á asesoría técnica dunha empresa para axilizar e mellorar a redacción do convenio colectivo.

O concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, manifesta a súa opinión contraria a que o Concello gaste miles de euros na contratación dunha empresa que asesore a redacción dun convenio colectivo.



8.8.- Na acta da Xunta de Goberno Local 2020/8, nos puntos 7.5 e 7.6 dase contad un informe da oficina técnica de urbanismo sobre una resolución da dirección Xeral de Patrimonio. A resolución a que tema se refire?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que se trata do proxecto de albergue para peregrinos da Laxe.

8.9.- Sacouse a licitación o albergue da Laxe. Como vai ser a súa xestión? Que obrigas asume o Concello?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que o Concello non ten ámbito de actuación nese particular.

A continuación, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, formula dúas preguntas a maiores das indicadas ó inicio deste punto da orde do día:

8.10.- Quen é o competente para o arranxo das pistas da parcelaria?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta á pregunta indicando que tanto na parcelaria de San Vicente como na de Barbeito, prevese que a Xunta realice as obras de arranxo de defectos estruturais e que o posterior mantemento ordinario corre a cargo do Concello.

8.11.- Cal é o estado dos procedementos das subvencións ás asociación de vecinos?

Detéctase que está pendente o pago das subvencións do ano 2019.

Ás 14:30 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, lúns 1 de febreiro de 2021
O secretario, Ricardo Garrido Caneda
Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández